


# *PLAN DE CONVIVENCIA*



*CEIP Joaquín Rodríguez Otero*

## **ÍNDICE**

### **1. INTRODUCCIÓN**

### **2. XUSTIFICACIÓN**

#### **2.1. Marco normativo vixente sobre convivencia**

### **3. LIÑAS BASE DO PLAN DE CONVIVENCIA**

#### **3.1 Definición.**

#### **3.2 Estrutura**

#### **3.3 Comisión de convivencia**

#### **3.4 Persoa coordinadora de bienestar e convivencia**

### **4. O CENTRO DOCENTE**

#### **4.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO**

##### **4.1.1. Características do centro**

##### **4.1.2. Situación actual de convivencia no centro**

##### **4.1.3. Accións levadas polo centro a estas situacións**

#### **4.2. O ENTORNO SOCIO-CULTURAL DO CENTRO**

##### **4.2.1. Relación das familias e da comunidade**

##### **4.2.2. Experiencias de convivencia realizadas no centro**

##### **4.2.3. Necesidades de formación en temas de convivencia**

#### **4.3. PRINCIPIOS E CARACTERÍSTICAS XERAIS DO PLAN**

### **5. OBXECTIVOS E ACTITUDES A ACADAR CO PLAN**

#### **5.1. Obxectivos xerais e específicos do plan**

#### **5.2. Contidos – actitudes a acadar do plan**

## **6. ACTIVIDADES PREVISTAS DO PLAN**

**6.1. A nivel de centro**

**6.2. A nivel de aula**

**6.3. A nivel individual**

## **7. PROCEDIMENTOS DE ACTUACIÓN DO PLAN**

**7.1. Procedementos**

**7.2. Procedementos específicos**

## **8. RECURSOS DO PLAN**

**8.1. Recursos humanos**

**8.2. Recursos materiais**

**8.3. Recursos de organización**

## **9. MECANISMOS DE DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN**

**9.1. Mecanismos de difusión do plan**

**9.2. Seguimento do plan**

**9.3. Avaliación do plan**

## **10. BIBLIOGRAFÍA**

## **11. ANEXOS**

**11.1. Aula de convivencia**

**11.2. Procedemento para a mediación escolar**

## 1. INTRODUCCIÓN

A sociedade no seu conxunto sufriu numerosas transformacións ao longo dos últimos anos. Pasamos dunha sociedade guiada polo principio de autoridade a unha sociedade onde prevalece o principio de negociación. Cambiamos a cultura do esforzo pola cultura onde impera o éxito rápido, o pracer doado e o enriquecemento inmediato. Deste xeito, non só se produciron cambios sociais, senón que asistimos a moitas transformacións no ámbito educativo.

Unha destas transformacións no eido educativo é a mellora da convivencia, posto que é un dos ámbitos da sociedade que se consideran prioritarios. Un dos retos educativos é que a convivencia e a xestión pacífica dos posibles conflitos estea integrada no noso centro escolar e, dende logo, nos patróns básicos de comportamento do noso alumnado.

O compromiso co coidado e coa mellora continua do clima de convivencia nos centros educativos vén sendo unha máxima desde a publicación da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, e a creación do Consello para a Convivencia Escolar, fixaron o marco que supuxo o punto de inflexión decisivo no establecemento de medidas e actuacións en materia de convivencia escolar.

Neste contexto, a Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020 e o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 recolleron por vez primeira unha planificación, unha ruta a seguir. Así identificáronse os obxectivos a acadar no ámbito da convivencia e da igualdade e as accións para o seu desenvolvemento, creando estruturas e deseñando modelos documentais para a súa consecución. A Estratexia Galega de

Convivencia Escolar 2025 "Educonvives 2025", destaca a relevancia que están a gañar as contornas dixitais como escenarios onde se trasladan os conflitos, Internet intégrase cada vez máis na nosa vida, aumentando o risco de que se produzan situacións contrarias á convivencia.

Os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS) que integran a Axenda 2030 tamén incorporan no seu obxectivo número catro unha chamada cara a unha educación inclusiva, equitativa e de calidade; a promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todas as persoas e outras propostas moi relevantes para a convivencia escolar, como garantir unha vida saudable, acadar a igualdade entre mulleres e homes e promover sociedades pacíficas e inclusivas.

Polo tanto, a nova folla de ruta ten que apostar de maneira decidida polo modelo ecolóxico de desenvolvemento humano, sumándose ás directrices a nivel nacional e internacional e atendendo a excepcionalidade que marcou a crise sanitaria da COVID-19, a cal nos sitúa ante necesidades emerxentes de actuación inmediata como a saúde mental da comunidade educativa. A execución desta estratexia supón un decidido afondamento na xestión da convivencia, incidindo no desenvolvemento integral do alumnado, na prevención, na innovación, na coeducación e na educación emocional; e incorporará aspectos de mellora nos plans de convivencia e igualdade dos centros educativos. Contribuirá, asemade, a garantir os dereitos de todo o alumnado recollidos na Convención sobre os Dereitos do neno, incidindo especialmente naquel que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa.

Consciente desta responsabilidade, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, incorpora programas e recursos específicos para favorecer unha convivencia positiva, reducir o acoso escolar e o ciberacoso, a violencia de xénero (incluída a dixital), a LGBTIfobia e camiñar en consonancia coa transformación dixital da sociedade. En consecuencia, fomentárase o uso de metodoloxías eficaces e efectivas dando visibilidade ás boas prácticas no tratamento da convivencia como un proceso permanente e

transversal de aprendizaxe que garanta o respecto ás diferenzas individuais, proporcione un contexto de benestar, promova a solidariedade, a inclusión e a igualdade.

Neste contexto é no que se inscribe este plan de traballo co propósito de avanzar cara á construción de centros máis seguros, accesibles, inclusivos, equitativos e saudables.

## 2. XUSTIFICACIÓN

A importancia de que os centros educativos incorporen un plan de convivencia ao seu proxecto educativo vén determinada por toda unha secuencia lexislativa que trata de imprimir un novo acento no tratamento das relacións entre as persoas que integran unha comunidade (neste caso, escolar) e, por extensión, que forman parte da sociedade, ademais da propia necesidade de fomentar prácticas sociais acordes cos tempos actuais, o que non significa que cando se tiveran esgotado outros recursos e actuacións previas se teña que recorrer á vía disciplinaria para corrixir determinadas condutas.

O feito de dispoñer dun plan indica unha intención, o propósito de non deixar que a convivencia dependa simplemente do azar e das circunstancias e na que, diante dos contratempos, se improvisen solucións e medidas segundo os conflitos e os problemas se vaian producindo. O novo concepto baséase en que a convivencia é un aspecto crucial para que as comunidades e as sociedades funcionen harmonicamente. Trátase de reflexionar a miúdo e de poñer os medios necesarios para fomentar o bo clima e as relacións entre as persoas, como o mellor medio de previr situacións conflitivas que van deteriorando a convivencia, coas nefastas consecuencias que se derivan a todos os niveis.

O Plan de Convivencia é un dos documentos que ten que formar parte do proxecto educativo de centro (PE) como prescribe a **LOE** no seu **artigo 121**, e ten por finalidade, como indica a Administración Autónoma: "favorecer

propostas educativas que axuden ao centro a conseguir a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, así como no exercicio da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, a desenvolver a motivación do alumnado pola aprendizaxe, e mellorar a cohesión e as relacións internas de cada grupo”.

Partindo das experiencias previas do anteriores Plans de convivencia do centro , do resultado das análises das súas memorias anuais e tendo en conta as modificacións nas leis educativas e nova lexislación publicada no eido da convivencia escolar , xurde a necesidade de actualizar o Plan de convivencia do centro. Xa que logo non é unha cuestión opinable ou voluntaria, é necesario dotar a cada centro educativo dun plan propio, que recolla de maneira máis realista as súas necesidades. Pero sería inxenuo pensar que con elaborar un plan moi ben deseñado e aprobalo, xa está todo feito. De nada valerá se non existe o compromiso de levalo á practica e avalialo periodicamente por todos aqueles que teñen unha parte de responsabilidade no desenvolvemento de mesmo. O Plan de Convivencia de cada centro educativo debe propiciar cambios positivos nos modelos de organización escolar, nos currículos, no profesorado, na formación permanente do mesmo, no alumnado, nas relacións coas familias e no contexto xeral dos centros escolares.

O obxectivo último é a mellora da convivencia en cada centro e en cada comunidade educativa. No noso caso, pretendemos deseñar un plan suficientemente amplo, que sintetice unha serie de aspiracións comúns pero que, ao mesmo tempo, preserve a necesaria autonomía, liberdade e iniciativa persoal para que todas e cada unha das persoas que integran esta comunidade educativa poidan exercer e gozar dos seus dereitos e liberdades.

## **2.1. Marco normativo vixente sobre convivencia.**

### **Lexislación estatal**

- Lei 27/2005, de 30 de novembro, de fomento da educación e da cultura da paz (BOE 287 do 1-12-2005)
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE)
- Lei Orgánica 8/2013 de Mellora da calidade educativa (LOMCE)
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.
- A Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia recolle no seu artigo 35 a creación dunha figura que coordine o benestar e da protección ao alumnado que actuará baixo a supervisión da persoa que ostente a dirección ou titularidade do centro
- A Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación, reflicte no seu artigo 13 a importancia de que as administracións educativas leven a cabo as actuacións necesarias para a prevención, atención e eliminación de todas as formas de discriminación por motivos de sexo, de orixe racial ou étnico, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual. Fomentárase a inclusión, nos plans de estudo nos que proceda as ensinanzas en materia de igualdade de trato e non discriminación, tolerancia e dereitos humanos, afondando no coñecemento e respecto doutras culturas, contribuíndo á valoración das diferencias culturais, así como o recoñecemento e a difusión da historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país, para promover o seu coñecemento e reducir estereotipos.



### **Legislación autonómica**

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- A Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia reforzou o tratamento da diversidade afectivo-sexual e de identidade de xénero no ámbito educativo
- DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar que regula o Plan de Convivencia.
- Orde do 16 de abril de 2015 pola que se nomean os membros do Consello para a Convivencia Esoclar da Comunidade Autónoma de Galicia
- A Resolución do 3 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o apoio á creación e ao funcionamento das escolas de nais e pais reguladas pola Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa
- A Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
- A Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

- ORDE do 19 de outubro de 2022 pola que se crean as comisións provinciais e a Comisión autonómica de seguimento do benestar e a convivencia nos centros educativos sostidos con fondos públicos.
- Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia

### 3. LIÑAS BASE DO PLAN DE CONVIVENCIA

#### 3.1 Definición do plan de convivencia

1. O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.
2. O proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.
3. O plan de convivencia será elaborado pola comisión de convivencia ou, cando esta non estivese constituída, polo equipo directivo, e será aprobado polo consello escolar do centro.
5. A elaboración do plan de convivencia suporá a análise e valoración sobre os principais documentos organizativos e curriculares do centro e, de ser o caso,

a súa actualización conforme o establecido neste decreto. Estes documentos son:

- a) Proxecto educativo do centro.
- b) A concreción curricular, respecto do desenvolvemento das competencias básicas e da metodoloxía empregada.
- c) Plan xeral de atención á diversidade e o Plan de acción tutorial.
- d) As normas de organización, funcionamento e convivencia do centro (NOFC), sobre todo aquelas que garantan o cumprimento do plan de convivencia e as que recollan respostas educativas que o centro proporciona aos diferentes intereses e motivacións do alumnado.
- e) A programación xeral anual.

### **3.2 Estrutura do plan de convivencia**

O plan de convivencia presentará a seguinte estrutura:

- a) A análise da situación, partindo dun diagnóstico previo da convivencia no centro.
- b) Os obxectivos específicos do plan de convivencia derivados da análise previa.
- c) Descrición das actuacións, das medidas ou dos programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entre outras.
- d) O plan integral contra o acoso e o ciberacoso escolar e o seu protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño. No artigo 7 da citada lei establécese o dereito de todo o alumnado á protección integral contra calquera agresión física ou moral, en particular contra as situacións de acoso escolar . Seguirase tamén o Protocolo

educativo para a prevención , a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar elaborado pola administración educativa galega.

e) Plan de benestar emocional que , tal como se recolle na Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025, a través de estratexias de fortalecemento, aprendizaxe e resolución de problemas adaptadas á realidade educativa proporciónanse recursos concretos que favorezan a atención aos malestares cotiáns da comunidade educativa.

e) Concreción, en cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución.

f) Normas de convivencia do centro, coa concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa, así como un protocolo que contribúa á detección ou ao incumprimento destas.

g) Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán, de conformidade co establecido neste decreto en desenvolvemento da Lei 4/2011 e demais normativa que sexa de aplicación.

h) As normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación e, de ser o caso, da aula de convivencia inclusiva ou da escola de nais e pais.

i) Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.

j) Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.

k) Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.

### **3.3 Comisión de convivencia**

O decreto 8/2015 de convivencia, establece a composición e funcións da comisión de convivencia:

1. A comisión de convivencia de cada centro constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

2. A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

3. O réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia de cada centro docente concretarase no plan de convivencia, de conformidade co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e, en todo caso, manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

4. A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.

b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

5. Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

### 3.4 Persoa coordinadora de benestar e convivencia

A ORDE do 23 de agosto de 2023 , establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia. Esta persoa , designada pola dirección do centro entre o profesorado do claustro por un período de dous anos asume as seguintes funcións:

- En coordinación coa dirección :
  - Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
  - Formar parte , como membro permanente , do equipo ACAE (Actuación Contra o Acoso Escolar) do centro.
  - Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
  - Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
  - Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
  - Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
  - Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao

persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e tutores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.

- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
  - Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.
- En coordinación co departamento de orientación:
- Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.
  - Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
  - Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
  - Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
  - Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.
- En coordinación coas asociacións de nais e de pais:



- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

Na orde do 23 de agosto de 2023 regúlase tamén a realización dun Plan de Traballo , que a persoa coordinadora concretara anualmente na programación xeral anual a través de accións enfocadas ao logro dos obxectivos establecidos que se pretendan desenvolver no correspondente curso académico e que favorezan unha boa convivencia e benestar de toda a comunidade educativa.

## 4. CENTRO DOCENTE

### 4.1. Características do centro

Datos identificativos

Nome/ Código: C.E.I.P. Joaquín Rodríguez Otero - 15021861

Enderezo: Campo de Xaviña, s/n CP. 15111- Buño

C.I.F.: Q 6555347 A Teléfono/ Fax:881 88 07 40 / 881 88 07 47

Correo electrónico: ceip.joaquin.rodriguez@edu.xunta.gal

Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjoaquinrodriguez>

#### 4.1.1. Características do centro

O CEIP Joaquín Rodríguez Otero imparte as etapas de infantil e primaria , 9 niveis educativos agrupados nos últimos cursos en 5 aulas, desde 4º de Educación Infantil ata 6º de Educación Primaria , sendo a media de alumnos por aula de 14 .

O claustro do centro, seguindo os criterios expresados polos titores e os membros do departamento de orientación do centro, decidiu realizar os agrupamentos en aulas mixtas atendendo os seguintes criterios:

- Procurar a mellor atención as necesidades do alumnado.
- Procurar a homoxeneidade ,integración e o equilibrio en número na configuración dos grupos .
- Optimizar os recursos docentes do centro .

Os postos de traballo recollidos no catálogo oficial son os seguintes:

- E. Infantil: 2
- E. Primaria: 2
- Filoloxía Inglesa: 1
- E. Física: 1
- E. Musical: 1
- Pedagogía Terapéutica/ Audición e Linguaxe: 1 ( praza provisional )
- Orientadora: 0 (1 mestra compartida co CEIP Milladoiro de Malpica)
- Relixión: 0 (1 mestra compartida co CEIP Milladoiro de Malpica)

TOTAL: 8

#### **4.1.2. Situación actual de convivencia do centro**

---

A análise dos informes da comisión de convivencia nos últimos anos amosan unha conflictividade baixa e que se ven reducindo de ano en ano, pero que nos últimos cursos está nun punto de estancamento , manténdose unha constante no tipo de conflictividade entre o alumnado, especialmente relacionado coa xestión das propias emocións e o respecto cara os demais . O traballo co

alumnado nas aulas no establecemento de pautas de escoita, comunicación e respecto aos demais amósanse efectivos, sendo desexable un paso mais, conseguindo que sexan os propios iguais os que realicen a mediación e resolución de conflitos de xeito independente.

Estes informes amosan tamén a persistencia de actitudes sexistas nas situacións habituais , tanto na escola como nos fogares, o que se reflexa nas expectativas xeradas no alumnado. Esta situación aínda é mais evidente na perspectiva que amosan as familias polo que é preciso que nas accións de concienciación e valoración das tarefas femininas se faga participe ás familias.

#### **4.1.3. Respostas do centro a estas situacións**

As respostas educativas que ofrece o centro son:

- A nivel de centro: Comisión de Convivencia , Departamento de Orientación, Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC) e Plan de benestar e convivencia.
- A nivel de aula: Plan de acción tutorial, con programas específicos de diversa temática, saídas escolares.
- A nivel individual: plans de actuación individualizados, mediación, entrevistas individuais.

#### **4.2. O entorno socio -cultural do centro**

O C. E. I. P. Joaquín Rodríguez Otero está situado en Buño, a 8 km. da capital do concello ao que pertence, Malpica de Bergantiños (A Coruña).


O alumnado do centro procede deste núcleo urbano e das parroquias de Cambre, Leiloio e Cerqueda.

Buño é a segunda concentración importante do concello de Malpica de Bergantiños , e acolle cerca da décima parte dos habitantes do municipio. Os demais lugares están formados por conxuntos de casas máis ou menos próximas cun número de vivendas que pode oscilar entre o medio centenar nos núcleos parroquiais e grandes lugares e media ducia nos máis pequenos. Existen tamén algúns casaríos illados.

A localidade conta cos seguintes servizos:

- Servizos Sanitarios: Centro de Saúde, Farmacia.
- Comunicacóns: Oficina de Correos e Telégrafos, parada de taxis e autobuses.
- Servizos Culturais: Eco - Museo" Forno do Forte" , Casa do Oleiro.
- Centros de Ensinanza: o propio centro educativo.
- Instalacións deportivas: Campo de fútbol e as pistas polideportivas sitas no centro escolar.

Segundo os datos publicados polo INE a 1 de Xaneiro de 2021 o número de habitantes en Buño era de 483, 5 habitantes menos que no ano 2020. No gráfico seguinte pode verse cantos habitantes tivo Buño o longo dos anos.



As características socio – económicas veñen determinadas polas actividades económicas desenvoltas pola poboación. No noso contorno xira entorno á

agricultura, gandería e olaría, tendo especial relevancia esta última , tanto no seu aspecto industrial como comercial. Na localidade , situada sobre terreos arxilosos e de gran plasticidade, xurdiu desde antigo unha industria cerámica popular que acadou fama nun gran sector de Galicia . Esta reflíctese na presenza de talleres de olaría e locais comerciais no núcleo urbano , quedando situadas as actividades do sector secundario e primario nos núcleos dispersos próximos. Os datos estatísticos amósannos un nivel socio – económico predominante medio – baixo.

#### **4.2.1. Relación das familias e a comunidade**

---

Ao ser unha prioridade para o noso centro a convivencia de todos os sectores da comunidade educativa (alumnos/as, profesorado e familias) as relacións que se establecen coas familias desta comunidade están orientadas a mellorar dita convivencia.

Ao principio de cada curso escolar a nivel de centro prográmase unha acollida ás familias, onde debe producirse unha toma de contacto cos representantes do equipo directivo, equipo de titores/as, departamento de orientación, e onde se lles informa sobre aspectos xerais de organización, funcionamento e convivencia no centro.

Ademais desta primeira toma de contacto, mantense unha relación continua e permanente coas familias, a través de todas as canles das que dispón o centro: sesións de atención a pais/nais, reunións periódicas trimestrais, información de faltas de asistencia, información para comprobar o proceso de ensinanza - aprendizaxe (boletíns informativos de notas...). Alén diso, se xorden necesidades a nivel particular, crearase un espazo e un tempo axeitado para darlle resposta dende os distintos axentes do centro.

Estase a promover a realización dunha "Escola de pais e nais" , organizado desde o Departamento de Orientación , atendendo ás achegas e necesidades detectadas.

Por outra banda, faise constar da relación das nais e pais nos distintos órganos de xestión e participación do centro: consello escolar, comisión de convivencia, ANPA...

#### **4.2.2. Experiencias de convivencia realizadas no centro**

---

As experiencias de convivencia realizadas lévanse a cabo seguindo un nivel de concreción:

- dende o centro educativo en xeral
- dende o Plan de traballo do plan de benestar e convivencia
- dende o plan de orientación
- dende o plan de acción tutorial: grupo - aula
- a nivel individual

Por parte do equipo directivo, comisión de convivencia, os profesores - titores, resto de equipo docente, departamento de orientación...

Ademais de todas as intervencións que se levaron a cabo durante os cursos escolares dentro da programación de actividades dos CP-INCLÚE , traballáronse dende o plan do departamento de orientación aspectos relevantes como:

- Normas de convivencia do centro: dereitos, deberes e responsabilidades.
- Traballo en grupo sobre resolución de conflitos, acoso escolar...
- Experiencias concretas como:
  - ⑩ Programa de igualdade de xénero
  - ⑩ Programa de habilidades sociais
  - ⑩ Programa de educación emocional
  - ⑩ Xogos cooperativos e populares

#### **4.2.3. Necesidade de formación en temas de convivencia**

---

A formación sobre a convivencia e resolución de conflitos é imprescindible para mellorar as pautas de actuación que potencien un clima favorable no centro. É necesaria unha formación específica para atender situacións relacionadas coa convivencia e a conflitividade.

Faise necesario introducir a formación permanente do profesorado no complexo mundo das relacións interpersoais no centro: habilidades sociais, resolución de conflitos, estratexias para fomentar a participación, intervención ante problemas de conduta, violencia nas aulas, maltrato entre compañeiros etc...

Ademais podemos engadir que se fomentará a asistencia a cursos, charlas, xornadas... de formación sobre convivencia e resolución de conflitos

## **5. OBXECTIVOS E ACTITUDES A ACADAR CO PLAN**

### **5.1. Obxectivos xerais e específicos do plan**

O plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes obxectivos:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro na busca de lograr o benestar emocional da comunidade educativa.
- b) Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar no centro educativo os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar e o ciberacoso, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

## **5.2. Contidos – actitudes a acadar do plan**

- As relacións de convivencia entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Clima de respecto, diálogo e colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.
- Prevención das condutas sexistas, racistas, xenófobas... e posibles situacións de maltrato, acoso e violencia, dentro e fóra da institución escolar.



- A resolución e prevención dos conflitos na comunidade educativa, mediante medidas concretas como a mediación e outras alternativas reeducativas non punitivas.
- Formación permanente dos distintos sectores da comunidade educativa.
- A adquisición dun maior coñecemento das propias emocións e a súa xestión.
- A adquisición de habilidades de comunicación, sociais, e estratexias de intervención para afrontar os conflitos na convivencia, no profesorado.
- A adquisición de habilidades de comunicación, sociais, con estratexias de intervención para afrontar os conflitos, no alumnado.
- A adquisición de habilidades de comunicación, sociais, con estratexias de intervención para afrontar os conflitos, nas familias.
- Mellora das habilidades relacionadas coa xestión de aula e co manexo da conduta infantil.

## 6. ACTIVIDADES PREVISTAS DO PLAN

### 6.1. A nivel de centro

#### \* Medidas preventivas

- Resulta fundamental a figura do coordinador de benestar e convivencia no desenvolvemento e o seguimento do plan de convivencia.
- Programa de actividades anuais incluídas nos CP-Inclúe tomando como referencia as seguintes datas: o 10 de decembro, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos; o 30 de xaneiro: Día escolar da Paz e non Violencia; e o 8 de Marzo: Día Internacional da Muller. Coa programación realizada anualmente, a base fundamental das

actividades propostas para esas datas debe ser a de rexeitar condutas tipicamente violentas de racismo, xenofobia, sexistas..., dentro e fóra do entorno escolar e favorecer actitudes positivas cara á igualdade racial, de relixión, de xénero...

- Programa de acollida da comunidade educativa: de pais/nais ou titores legais, alumnos/as e profesorado ao inicio e ao longo de todo o curso escolar para propiciar unha rápida integración no funcionamento do centro e favorecer un clima de confianza e colaboración axeitado para facilitar un desenvolvemento das actividades docentes.

Realizarase a través de diversas reunións cos distintos sectores da comunidade educativa, facilitando a documentación necesaria (tanto ás familias coma ao profesorado) e aclarando todos aqueles aspectos particulares do centro escolar. É preciso a implicación do Equipo Directivo do centro así como do profesorado.

- Programa de sensibilización contra o acoso escolar e o ciberacoso desenvolto polo equipo ACAE.
- Programa de prevención cognitivo - condutual para alumnado en risco.
- Programa de mediación entre iguais, formado polo alumnado voluntario de 5º e 6º de primaria.
- Programa de xogos populares: Xogamos nos recreos?
- Escola de pais e nais.

#### **\* Medidas de intervención**

- Formación dun EQUIPO DE CONVIVENCIA: integrado por mestres do centro para atender as posibles demandas e situacións que durante o curso escolar se presenten referidos a convivencia (mediación en conflitos, partes de incidencias, altercados, celebracións, acondicionamento dos espazos do centro, etc. Tendo en conta o número de docentes, e con fin de optimizar a súa funcionalidade, este equipo

formarase tomando como núcleo o equipo ACAE, equipo formado por un mínimo de tres membros do claustro, entre os que se atopan o xefe/a do Departamento de Orientación e o coordinador/a de benestar e convivencia xunto a un/unha docente nomeado/a pola dirección do centro para cada caso en función do alumnado implicado, que será a persoa instrutora do procedemento corrector, de ser necesario.

- Programa de intervención e mediación coa formación de alumnos/as axudantes (casos para resolución de conflitos).
- Normas de Organización Funcionamento e Convivencia (NOFC): Dereitos e Deberes do profesorado e do alumnado.

Con respecto ao profesorado, o fin é mellorar a organización e efectividade da aplicación das Normas de Convivencia. Para iso, entregarase a todo o profesorado unha copia do NOFC, acompañándose dun resumo das medidas de corrección e instrucións para unha aplicación coordinada das mesmas.

En relación co alumnado, trátase de concienciar aos nenos e nenas dos beneficios para todos do respecto ás Normas de Convivencia. Difúndirase, a través das titorías, durante o Plan de Acolida para os novos alumnos/as e durante o Plan de Acción Titorial para todo o alumnado.

- Plan de traballo de benestar e convivencia con accións que favorezan unha boa convivencia e benestar de toda a comunidade educativa.
- Plan de actuación en casos de acoso escolar: o equipo ACAE encargarse de difundir entre o profesorado as claves e terminoloxía específica e necesaria para a identificación do acoso escolar, así como do protocolo de actuación a levar a cabo.
- Plan de actuación en caso de incidencia ou altercado contraria a boa convivencia no centro: protocolo a seguir cando xurda unha situación de conflito no centro.

- Aula de convivencia inclusiva: protocolo de organización da atención e normas de uso deste espazo (Anexo I).

A Aula de Convivencia é unha ferramenta para resolver democraticamente os conflitos cuxa vocación é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, tal e como se establece no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño. Entendemos a aula de convivencia como:

- Unha medida de reflexión.
- Un espazo de traballo onde se levan a cabo as medidas correctoras propostas pola Comisión de Convivencia.
- Lugar para o acordo. (rincón oído-boca): acondicionaranse diferentes espazos (tanto no centro, como nas aulas) para resolver conflitos e chegar a acordos.
- Punto laranxa contra o acoso e o ciberacoso escolar. Espazo físico e virtual onde calquera persoa coñecedora dunha situación de posible acoso poderá comunicalo.

## 6.2. A nivel de aula

- **Plan de atención á diversidade**
  - Programa de apoio de alumnado con necesidades educativas especiais.
  - Programa de reforzo educativo, por niveis de competencia nas áreas instrumentais...
- **Plan de acción titorial**
  - Acollida e integración do alumnado a nivel de aula en sesión de titoría durante o primeiro trimestre: cuestionario de autocoñecemento do alumnado, coñecemento das normas do centro (dereitos e deberes), elección do delegado/a.

- Acollida e integración de alumnado a nivel de aula, de incorporación tardía ao sistema educativo ou de procedencia estranxeira: procedemento de matriculación do alumnado, elección de titoría para o alumno/a.
- Programa de autocoñecemento e autoestima.
- Programa de adquisición de competencias e habilidades sociais.
- Programa de resolución de conflitos.
- Programa de educación en valores (valores democráticos)
- Programa de análise da convivencia, en reunións de equipos de ciclo, e xuntas de avaliación con carácter trimestral.
- Debate e discusión das Normas de Convivencia en cada titoría.(1ª quincena de outubro)
- Elaboración en cada clase das normas que van a rexer a marcha da clase baseadas nas normas xerais de convivencia do centro, colocaranse nun lugar visible da aula. Ademais recolleranse as de todas as titorías nun libro ilustrado con pictogramas.
- Comunicación aos pais/nais de cada titoría de ditas normas.
- Traballarase en cada titoría, polo menos unha vez ao mes, e sempre que se considere oportuno, actividades incluídas no programa de HHSS para a boa marcha da convivencia e todo aquilo que potencie as boas relacións do grupo e da clase.
- Traballo en grupos cooperativos heteroxéneos de alumnado, como dinámica habitual no día a día da aula.

### **6.3. A nivel individual**

- Elaboración por parte do titor/a, en colaboración cos mestres/as especialistas, dun informe (partindo da información recollida no parte de incidencias e na ficha de reflexión recollidas nos anexos) para recoller

as incidencias dos alumnos/as que presenten alteracións de comportamento de forma reiterada, cos seguintes apartados.

- a) Información previa
- b) Pronóstico
- c) Toma de decisións
- d) Avaliación da evolución do alumno/a

## 7. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN DO PLAN

As actuacións que levemos a cabo neste plan iranse establecendo mediante accións con carácter xeral e con carácter específico, seguindo criterios claros.

- ♣ Funcionamento da Comisión de Convivencia, coa celebración de reunións no seu horario, coa asistencia obrigatoria.
- ♣ Participación no claustro de profesores/as con reunións para aprobar todo o relativo ao plan de convivencia, co seu desenvolvemento, seguimento e avaliación.
- ♣ Participación nas reunións trimestrais dos equipos docentes, para nas sesións de avaliación ofrecer asesoramento e presentar novas propostas de actuación en convivencia.
- ♣ Establecemento de accións para o curso escolar: acollida ao inicio do curso, funcionamento dos grupos, problemas de convivencia a resolver..., coa implicación do departamento de orientación, e resto de equipo docente.
- ♣ Coordinación coa equipo directivo , para ir concretando as propostas que se levarán a cabo polo coordinador de convivencia e benestar.
- ♣ Entrevistas e reunións con axentes externos ao centro, con periodicidade variable, para concretar actividades a desenvolver no

previsto para cada ámbito (equipo de trastornos de conductas, servizos de saúde, servizos sociais, psicólogos ...)

- ♣ Coordinación específica co profesorado de apoio (PT, AL...) mediante reunións, para a organización da docencia, seguimento dos apoios, dotación de recursos e revisión de todo o proceso de apoio e coordinación docente, no caso de alumnado con problemas graves de conduta.
- ♣ Entrevistas e reunións con pais/nais ou titores legais, de alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo, asociadas a problemas de conduta, para informarlles de medidas axeitadas para atender as necesidades que presentan, buscando a implicación do centro, do profesorado e do titor/a, sempre en colaboración co departamento de orientación.
- ♣ Entrevistas e reunións co alumnado do centro atendendo ás súas necesidades educativas, para ofrecer respostas educativas axeitadas, coa coordinación do profesorado, do titor/a, coa colaboración do departamento de orientación.

## **7.1. Medidas para a prevención , detección e tratamento dos problemas de convivencia**

### **Mediación entre iguais**

A mediación é a forma de resolver os conflitos entre dous ou mais compañeiros coa axuda dunha terceira persoa imparcial, o mediador. Os mediadores non son xuíces nin árbitros, non impoñen solución, nin opinan sobre quen ten a verdade. Os mediadores son alumnos/as con formación neste ámbito que regulan o proceso de comunicación cara unha posible solución que satisfaga as partes en conflito.

A mediación é voluntaria e os mediadores axudan as partes a chegar a acordos. As partes do proceso de mediación son os seguintes:

- 1.Fase de premediación.
- 2.Fase de presentación e regras do xogo.
- 3.Clarificar o problema ca mediación.
4. Propor solución/ reparación do dano ocasionado.
5. Chegar a acordos.

Cada comezo de curso a persoa responsable fará unha selección de alumnado de 5o curso que voluntariamente desexe ser mediador.

Mentres estes alumnos se forman seguimos facendo a mediación co alumnado de 5º do curso pasado, que agora están en 6º; con estes alumnos/as actualizarase a formación do curso anterior.

O alumnado seleccionado recibira formación inicial en habilidades sociais e de resolución de conflitos a través dun obradoiro impartido pola orientadora ou outro persoal que se decida.

#### **Ante a presenza dun conflito:**

- De forma voluntaria os implicados acudirán ao servizo de mediación escolar, para iso informarán á titora para pedir cita e iniciar este proceso. A continuación, a persoa encargada da mediación escolar organizará unha cita de mediación para resolver o conflito co alumnado voluntario mediador.
- A titora ou profesor especialista se o estima necesario, falará co alumnado en conflito para animalos a acudir ao servizo de mediación. Neste caso a titora pedirá cita a persoa encargada da mediación escolar.

#### **Programa de habilidades sociais e resolución de conflitos**



Este programa será elaborado e desenvolvido polo departamento de orientación, en especial co alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, e coa finalidade de mellorar a súa integración no centro.

Aplicarase en colaboración co profesorado titor, procurando implicar ao resto do profesorado e ás familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

### **Actividades para o desenvolvemento da intelixencia emocional do alumnado**

Paulatinamente iremos introducindo nas nosas aulas un Programa de Intelixencia Emocional que terá os seguintes obxectivos:

- Lograr que o alumnado acade unha autoconciencia emocional e un axeitado control das emocións.
- Desenvolver a empatía como comprensión das emocións dos demais para mellorar as relacións interpersoais.

Dentro das posibles estratexias a utilizar destacamos:

- Estratexias para a alfabetización emocional:
  - O diálogo como ferramenta básica.
  - Partir do soporte visual e a partir de aí crear situacións, composicións ... sobre cada emoción.
  - Os contos, os xogos e a arte para traballar as emocións.
- Estratexias para facilitar a cohesión do grupo/aula:
  - A escoita activa.
  - Os modais.
  - Os xogos cooperativos e as dinámicas de grupo.
- Estratexias de autorregulación básicas:
  - Retirada de atención

- Exercicio físico
- Expresión verbal
- Autoinstrucións ( técnicas da tartaruga,...)
- Exercicios respiratorios.
- Relaxación
- Viaxes imaxinarias.
- Expresión artística (plástica, música,...)
- Xogos de simulación, etc.

## **8. RECURSOS DO PLAN**

### **8.1. Recursos humanos**

- Órganos de participación e goberno do centro: Equipo directivo, claustro de profesores, consello escolar.
- Coordinador de benestar e convivencia : comisión de convivencia.
- Equipo ACAE.
- EOE/Departamento de Orientación.
- Alumnado do centro: Os nenos do terceiro ciclo poderían actuar como mediadores despois de superar un curso previo de preparación impartido por un dos profesores.
- Familias.
- Axentes externos: CEFOR, Equipo de Orientación Específico ao alumnado con trastornos de conduta, UDIAF , UACO , psicólogos.

### **8.2. Recursos materiais**

- Armas Castro, M. (2005): Alumnado con problemas de conducta, Santiago de Compostela, Consellería de Educación, Xunta de Galicia.
- Armas Castro, M. e Armas Barbazán, C. (2006): Violencia escolar (8-11 anos). Vigo: Nova Galicia Edicións.
- Armas Castro, M. (2006): Cómo prevenir e intervenir en conflictos y problemas de conducta, Madrid: Praxis.
- Carboles, J.A. e Pérez-Pareja, J. (2007): Escuela de padres. Guía práctica para evitar problemas de conducta y mejorar el desarrollo infantil. Madrid: Pirámide.
- Cerezo Ramírez, F. (2007): La violencia en las aulas. Análisis y propuestas de intervención. Madrid: Pirámide.
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2005): Programa de sensibilización sobre o maltrato entre iguais. Xunta de Galicia.
- Cruz Roja Española (2002): Estrategias educativas para la prevención de la violencia. Mediación y Diálogo. Madrid: CRE
- Jares, J.R. (2006): Pedagogía de la convivencia. Barcelona: Graó.
- Segura, M. (2005): Enseñar a convivir no es tan difícil. Para quienes no saben qué hacer con sus hijos o con sus alumnos, Bilbao: Desclée de Brouwe
- Torrego, J.C. (coord.) (2007): Modelo integrado de mejora de la convivencia. Estrategias de mediación y tratamiento de conflictos. Barcelona: Graó.
- Torrego, J.C. (coord.) (2005): Mediación de conflictos en instituciones educativas. Manual para la formación de mediadores. Madrid: Narcea.
- Torrego, J.C. e outros (2006): Mediación de conflictos en centros educativos. Madrid: UNED.

### **8.3. Recursos de organización**

- Organización de espazos e tempos para o desenvolvemento do plan:
  - Espazos: todos os dispoñibles no centro.

- Tempos: os dispoñibles por parte do coordinador de convivencia, equipo directivo, departamento de orientación, equipo ACAE, equipo docente...

#### **8.4. Outros recursos do centro para favorecer a convivencia.**

As medidas reflectidas neste plan son medidas que desenvolven as liñas de actuación do centro educativo con respecto á convivencia que deben quedar reflectidas en:

- Ademais de no Plan de Convivencia, nos distintos elementos que conforman o Proxecto Educativo de Centro (PE).
- Programacións Didácticas.
- Programación Xeral Anual.
- Normas de Organización e Funcionamento (NOF).
- Plan de Orientación que inclúe o Plan de Acolloida.
- Plan de benestar e convivencia.
- Función titorial e orientadora.
- Actuación do equipo directivo.
- Comisión de Convivencia.

### **9. MECANISMOS DE DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN**

#### **9.1. Mecanismos de difusión do plan**

- Equipo directivo.
- Claustro e Consello Escolar.
- Asociación de nais e pais de alumnos e alumnas.

#### **9.2. Seguimento do plan**

- Inicial: ao comezo do curso escolar
- Proceso - formativo: semanal, mensual e trimestral.
- Final: ao finalizar o curso escolar.

### 9.3. Avaliación do plan

A avaliación constitúe un elemento imprescindible para a mellora do proceso educativo e os seus elementos: só dende unha reflexión crítica compartida polos integrantes da comunidade educativa sobre o desenvolvemento das actuacións levadas a cabo poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados e enriquecedores.

O plan de convivencia debe ser un documento vivo, aberto a posibles rectificacións, ampliacións, modificacións, especificacións etc...

Para a avaliación do plan de convivencia no noso centro, teremos en conta os seguintes criterios de avaliación:

- Valorar se hai un clima de respecto, diálogo e colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.
- Apreciar si se previron as condutas racistas, xenófobas, sexistas e posibles situacións de maltrato, acoso e violencia, dentro e fóra da institución escolar.
- Revisar e comprobar a efectividade das medidas preventivas para mellorar a convivencia no centro, mediante a elaboración de programas, materiais de titoría e instrumentos que axuden á resolución de conflito.
- Valorar o desenvolvemento das actividades de formación permanente dos distintos sectores da comunidade educativa.
- Comprobar o fomento das relacións entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Confirmar se foi posible crear novas canles para a resolución e prevención dos conflitos na comunidade educativa, mediante medidas concretas como as alternativas reeducativas non punitivas...

- Constatar si se apoiou ao profesorado na adquisición de habilidades de comunicación e de estratexias de intervención para afrontar os conflitos na convivencia.
- Verificar si se facilitou ao alumnado a adquisición de habilidades de comunicación, sociais, con estratexias de intervención para afrontar os conflitos.

Os instrumentos de avaliación (serán tanto de tipo cualitativo como cuantitativo): observación, cuestionarios, enquisas, follas de rexistro, probas específicas, entre outras.

## 10. BIBLIOGRAFÍA

- AVILÉS, José M<sup>a</sup>. (2003): Bullying, La intimidación y el maltrato entre el alumnado. Bilbao: STEE-EILAS.
- CASAMAYOR, G. y otros (1996): Cómo dar respuesta a los conflictos. La disciplina en la enseñanza Secundaria. Colección Biblioteca de Aula. Barcelona: Ed. Graó.
- CEREZO, F. (1997): Conductas agresivas en la edad escolar. Aproximación teórica y metodológica. Propuestas de intervención. Madrid: Ed. Pirámide.
- CREENA (Centro de recursos para la educación especial de Navarra) (2000): Comportamiento desadaptado y respuesta educativa en Secundaria. Propuesta para la reflexión y la acción. Departamento de Educación y Cultura. Gobierno de Navarra.
- DÍAZ AGUADO, M<sup>a</sup> J. (1996): Escuela y tolerancia. Madrid: Pirámide.
- FERNÁNDEZ, I. (1998): Prevención de la violencia y resolución de conflictos: el clima escolar como factor de calidad. Madrid: Narcea.

- MONJAS CASARES, M<sup>a</sup> Inés (1997): Programa de Enseñanza de Habilidades de Interacción Social (PEHIS) para niños y adolescentes. Madrid: CEPE.
- MONTERO ALCALDE, A. (2000): "La convivencia en los centros docentes: modelo de intervención y marco normativo." Málaga: Aljibe.
- ORTEGA, R; DEL REY, R. y GÓMEZ, P. (2002). "Estrategias educativas para la prevención de la violencia: mediación y diálogo." Madrid: Narcea.
- RODRÍGUEZ, Nora (2004): Guerra en las aulas: como tratar a los chicos violentos y los que sufren abusos. Ediciones Temas de Hoy, S.A.
- SAaAC (Servicio de Apoyo a Alumnos con Alteraciones del Comportamiento) (2001): Modelo de intervención y documentos de trabajo. Consejería de Educación y Cultura. Junta de Castilla y León.
- SUCKLING A., e TEMPLE, C. (2006): Herramientas contra el acoso escolar. Un enfoque integral, Madrid: Morata.
- TORREGO, J.C. (coord.) y otros (2000): Mediación de conflictos en instituciones educativas. Madrid: Narcea.
- Juan de Vicente Abad: "Convivencia restaurativa. Aprender a convivir y a construir entornos seguros de aprendizaje" SM. España, 2021
- Pedro M<sup>a</sup> Urunuela Najera: "Trabajar la convivencia en los centros educativos. Una mirada al bosque de la convivencia". Narcea. Madrid, 2016
- Luis Rojas Marcos: "Estar bien aquí y ahora". Harper Collins. Madrid, 2022
- Juan Carlos Torrego Seijo y Carlos Monge Lopez: "Inclusión y convivencia en los centro educativos. Experiencias y propuestas". Síntesis. Madrid, 2021
- Mirtha Cucco Garcia y Ana M<sup>a</sup> Saenz.: "Escuela para madres y padres. Una propuesta de transformación social". Nuevos Escritores. Madrid, 2013.

- Mirtha Cucco Garcia, Grisell Crespo Carro: "Distorsiones en el proceso de crianza de niños, niñas y adolescentes". Elcida Alvarez Carril, Arazahay Lami Hormaza, Evelyn Rojas Acosta. Revista Humanidades Medicas, Vol. 21, No3. Cuba, 2021.
- M<sup>a</sup> Jose Diaz Aguado.: "La construcción de la convivencia escolar a través del currículum de la no-violencia". Ponencia desarrollada en el CAFI. Santiago de Compostela, 2017.
- Rafael Bisquerra Alzina y Esther Garcia Navarro: "La educación emocional requiere formación del profesorado". Revista Participacion Educativa. Consejo Escolar del Estado, Vol. 5, No8, 2018.
- [www.comadrid.es/dat\\_sur/upe/basicas.htm](http://www.comadrid.es/dat_sur/upe/basicas.htm)
- [www.coe.int/t/E/human\\_rights/ecri/](http://www.coe.int/t/E/human_rights/ecri/)
- [www.concejoeducativo.org/3con\\_con.htm](http://www.concejoeducativo.org/3con_con.htm)
- [www.pnte.cfnavarra.es/creena](http://www.pnte.cfnavarra.es/creena)
- [www.isei-ivei.net/cast/indexcas.htm](http://www.isei-ivei.net/cast/indexcas.htm).
- [www.gold.ac.uk/euconf/spanish/](http://www.gold.ac.uk/euconf/spanish/)
- [www.mec.es/cesces/seminario2000-2001.htm](http://www.mec.es/cesces/seminario2000-2001.htm)
- [www.rsme.es/comis/educ/conviv.pdf](http://www.rsme.es/comis/educ/conviv.pdf)
- [www.cnice.mecd.es/recursos2/convivencia\\_escolar/](http://www.cnice.mecd.es/recursos2/convivencia_escolar/)
- [www.cip.fuhem.es/violencia/revbiblio.html](http://www.cip.fuhem.es/violencia/revbiblio.html)
- [www.el-refugioesjo.net/bullying/articulos\\_trabajos.htm](http://www.el-refugioesjo.net/bullying/articulos_trabajos.htm)
- [www.gencat.net/ense/depart/convivencia.htm](http://www.gencat.net/ense/depart/convivencia.htm).



## 11. ANEXOS

### ANEXO I - AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

A Aula de Convivencia Inclusiva baséase nunha visión positiva do conflito, entendéndoa como unha oportunidade para a reflexión e tamén será unha aula de traballo.

A esta aula pode ser destinado aquel alumnado que, como consecuencia da imposición de medidas correctoras e/ou reeducadoras, estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro ou o seu grupo aula, para os efectos de mellorar o seu reingreso á aula no menor tempo posible. Segundo as medidas reeducadoras propostas, a dirección organizará a atención o alumnado por parte do profesorado nesta aula segundo a dispoñibilidade horaria dos docentes, que tamén colaborarán na realización das tarefas escolares encomendadas.

A Dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno/a sexa atendido na Aula de Convivencia Inclusiva garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais/titores. Débese ter presente que a aula de Convivencia Inclusiva só se debe empregar en casos puntuais e por un período de tempo limitado. Así pois, primarase sempre que sexa posible a inclusión educativa, polo que solo se empregará a aula de convivencia inclusiva en breves períodos de tempo e como consecuencia de condutas gravemente prexudiciais, xustificando que se esgotaron todas as medidas tomadas dende o Plan de Acción Titorial, traballado un plan de habilidades sociais; unha vez realizados todos os pasos para resolver conflitos e observando que non hai arrepentimento por parte do neno/a. Todo isto decidirse unha vez reunidos o titor, dirección e a Xefatura do Departamento de Orientación. Con isto, debemos ter presente que a aula de convivencia é unha medida de carácter moi excepcional que debe estar xustificada e sempre será posterior a medidas de resolución de conflitos e de reparación de danos.

De igual modo, tamén hai que analizar as características individuais do alumnado en si, para que non estea en ditas aulas un número reducido de alumnado reiteradamente, posto que se debe partir da inclusión educativa, da integración dentro do grupo clase e da reflexión e reparación do dano causado.

**ANEXO II - PROCEDIMIENTO PARA A MEDIACIÓN ESCOLAR**

## **PROCEDIMIENTO PARA A MEDIACIÓN ESCOLAR**



## PROCEDIMIENTO DE MEDIACIÓN ESCOLAR

O noso centro conta con un plan de convivencia e unhas NOFC que inclúen a creación dos equipos de mediación para a resolución de conflitos. A elaboración deste anexo cumpre o indicado no *Decreto do 8 de xaneiro de 2015, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*, no seu artigo 26.

### Obxectivos que se pretenden acadar ca mediación escolar:

- *Favorecer a resolución de conflitos e a convivencia escolar por medio da mediación escolar no centro educativo.*
- *Mellora o clima emocional e social da comunidade educativa.*
- *Ensinar os participantes do curso de mediación as habilidades necesarias para desenvolver a mediación en conflitos.*

Este plan fundamentase nos seguintes apartados:

1. **DIRECTRICES E CARACTERÍSTICAS PARA A CREACIÓN DOS EQUIPOS DE MEDIACIÓN.**
2. **FORMACIÓN DOS MEDIADORES.**
3. **PAUTAS DE ACTUACIÓN PARA DERIVAR UN CASO A MEDIACIÓN E O SEU PROCESO.**
4. **MEDIACIÓN ESCOLAR. MOMENTOS E FASES.**
  - I. **PREMEDIACIÓN**
  - II. **PRESENTACIÓN E REGRAS DO XOGO.**
  - III. **CLARIFICAR O PROBLEMA CA MEDIACION**
  - IV. **SOLUCIÓN Y REPARACIÓN E DANO OCASIONADO**
  - V. **CHEGAR A ACORDOS.**
5. **AVALIACIÓN DO PROCESO DE MEDIACIÓN.**
6. **.ANEXOS DE DOCUMENTOS.**

## 1.DIRECTRICES E CARACTERÍSTICAS PARA A CREACIÓN DOS EQUIPOS DE MEDIACIÓN.

Na creación do servizo de mediación debemos considerar **o análise de convivencia do centro e a sensibilización da comunidade educativa** para resolver os conflitos a través de obradoiros e charlas dirixidos polo departamento de orientación.

O centro, tendo en conta o Plan de convivencia e as NOFC de centro elaboran este anexo redactando o procedemento do equipo de mediación e decidindo:

- *Establecerase **un espazo e tempo** para a realización das mediacións no centro que facilitará estes encontros.*
- *Establecemento **da coordinación e seguimento** do servizo de mediación.*
- ***Aprobación do procedemento** polo claustro e consello escolar.*
- ***Selección do alumnado** para formarse en mediación.*

**Cada comezo de curso no 1º trimestre** realizarase unha dunha campaña de información, sensibilización e captación de alumnado por medio da colaboración cos titores/titoras e dirixidos polo DO.

O alumno xa formado comeza co proceso de mediación e actualízase a formación do curso pasado.

**No 2º trimestre**, a persoa responsable ou a orientadora do departamento de orientación fará unha selección de alumnado de 5º curso **que voluntariamente** desexe ser mediador.

Unha vez decididos os voluntarios realizarase unha reunión cos seleccionados para aclararlles as súas funcións e obrigacións e comezará a súa formación.

**No 3º trimestre** os novos mediadores comezarán a mediación. Revisarase o procedemento do plan.

## 2.FORMACIÓN DOS MEDIADORES.

O rol do mediador/a será neutral e facilitador do proceso de negociación (non é xuíz nin árbitro). Implica mostrar unha boa competencia nunha serie de ámbitos e o emprego de distintas habilidades e técnicas básicas.

Os mediadores, a pesar de ser voluntarios deben ter unha serie de destrezas e

requisitos para poder axudar aos seus compañeiros/as como son:

- *Sensibilidade ante os conflitos.*
- *Ter empatía e saber escoitar activamente.*
- *Ter a capacidade de soportar situacións con tensión emocional.*

O máis importante é que comprenda as pautas e normas do proceso de mediación, que mostren un desexo de axudar e un compromiso para a mellora da convivencia escolar.

Algunhas destas características encóntranse naturalmente no alumnado, pero para lograr unha mellora da convivencia e un bo resultado na mediación, **os mediadores terán unha formación** neste ámbito.

O obxectivo é que axuden no proceso de comunicación cara unha posible solución que satisfaga as partes en conflito.

**A formación recibida** basearase en iniciar nas habilidades e competencias sociais e de resolución de conflitos a través dun obradoiro dirixido polo DO.

**Os contidos da formación serán os seguintes:**

- *Introdución ao conflito: Que é un conflito? Educar no conflito.*
- *Habilidades de comunicación. Tipos de comunicación e comunicación non verbal, escoita activa*
- *Asertividade.*
- *Expresión de emocións e sentimentos.*
- *Habilidades socioafectivas.*
- *Que é a mediación? Figura do mediador: funcións e compromisos.*
- *Proceso de mediación e as súas fases.*

**A metodoloxía será activa** e participativa asegurando que o alumnado sexa responsable do seu propio proceso de aprendizaxe e se involucre directamente nas actividades. Os contidos transmítense a través das seguintes técnicas:

- *Dinámicas para constituír grupo: de presentación, de coñecemento e de cohesión dos grupos.*
- *Outras dinámicas de grupos: choiva de ideas, traballo en pequenos grupos, posta en común, elaboración de conclusións etc.*
- *Actividades de cooperación.*

- *Creación e elaboración das súas propios materiais: carteis, logos, lemas, solicitudes, dípticos, contos...*
- *Simulacros ou dramatizacións.*
- *uso das novas tecnoloxías, medios audiovisuais.*

O formador deste proceso tranquilizará as persoas mediadoras en todo momento, dándolle confianza e seguridade.

### **3.PAUTAS DE ACTUACIÓN PARA DERIVAR UN CASO A MEDIACIÓN E O SEU PROCESO.**

#### **Ante a presenza dun conflito:**

- *De forma voluntaria os implicados acudirán ao servizo de mediación escolar, para iso informarán á titora para pedir cita e iniciar este proceso. A continuación, a persoa encargada da mediación escolar organizará unha cita de mediación para resolver o conflito co alumnado voluntario mediador.*
- *A titora ou profesor especialista se o estima necesario, falará co alumnado en conflito para animalos a acudir ao servizo de mediación. Neste caso a titora pedirá cita a persoa encargada da mediación escolar.*

#### **O proceso de mediación deberá ter un rexistro a través dunha serie de documentos:**

Por parte dos mediadores:

- *Compromiso das persoas mediadoras: este documento terán que asinalo as persoas mediadoras ao inicio da posta en marcha do programa.*
- *Rexistro da mediación: ao remate de cada mediación, a parella mediadora terá que cubrir unha ficha que rexistre os datos básicos da súa realización (persoas, acordos, data..)*
- *Documento de avaliación do proceso de mediación ao rematar cada mediación, valorando dende a súa perspectiva se foi positiva.*

Por parte dos participantes do proceso de mediación:

- *Documento de participación no procedemento mediador.*
- *Documento de presentación dos feitos: onde se plasma escribindo ou debuxando o acontecido.(Na frase de clarificar o problema de mediación)*

- *Documento de Acordo/compromiso: as persoas en conflito terán que asinar este acordo que comprometa a súa intención para mellorar a relación coa outra parte e tentar que non se volva a dar ese conflito.  
( Na fase de acordos)*
- *Documento de avaliación do proceso de mediación ao rematar cada mediación valorando se a reunión foi positiva e mellorou a situación.*

#### **4.MEDIACIÓN ESCOLAR. MOMENTOS E FASES.**

**A mediación é unha estratexia para a resolución dos conflitos** entre dous ou mais compañeiros/compañeiras coa axuda dunha terceira persoa imparcial. O obxectivo é chegar a un acordo satisfactorio para as partes implicadas. É un proceso confidencial e voluntario e as persoas que accedan á mediación deben amosar unha actitude de respecto, de escoita e diálogo entre eles.

#### **O proceso de mediación escolar consta de diferentes fases:**

##### **1.FASE DE PREMEDIACIÓN:**

Os/as mediadores presentará e clarificará o proceso:

- *Presentación e coñecer os implicados e as normas.*
- *Presentación de documentación a firmar.*
- *Explicar o problema ou conflitos de forma individual.*

Nesta reunión individual cada persoa implicada no conflito explicará o seu malestar os mediadores para poder descargar emocións e sentimentos.

##### **2.FASE DE PRESENTACIÓN E REGLAS DO XOGO.**

Os mediadores recordarán aos implicados que eles non opinan, son imparciais e velarán porque se respecten ambas partes.

- *Asegurarán que comprendan o proceso as normas ( Respetar as quendas de palabra e manter unha actitude de o respecto en todo o proceso).*
- *Comprometeranse a ter confidencialidade de todo o proceso.*
- *Recollerán un acordo de compromiso asinado por ambas partes. (documento de participación no procedemento mediador.)*



### **3. CLARIFICAR O PROBLEMA CA MEDIACIÓN.**

Nesta fase contarán que pasou e escribirán ou debuxarán o acontecido no *documento de conflito*.

Cada implicado pode explicar a súa visión do conflito e expresar os seus sentimentos e emocións.

O mediador/a terá que repetir, parafrasear o que escribiron as partes implicadas facendo un resumo ou síntese deste conflito.

Pode resaltar os aspectos en común que explicarán as partes e pode pedir aclaracións se é necesario.

### **4. PROPOR SOLUCIÓN / REPARACIÓN DE DANO OCASIONADO.**

Nesta fase identificarase cal é o conflito e conseguir chegar a acordos.

Respectando as quendas de palabra, as partes terán que propor algunha solución para solucionar o conflito ( facendo preguntas abertas, aclarar aspectos que non quedarán definidos...)

### **5. CHEGAR A ACORDOS**

Fase dedicada a definir con claridade os acordos para que ambas partes queden satisfeitas. Estes acordos deben ser equilibrados e os mais específicos posibles. Tamén se soe dedicar un tempo a consensuar como resolver o conflito e que están dispostos a facer para solucionarlos

Os mediadores escribirán as propostas para a solución e as partes firmarán nun documento cos acordos que chegaron no *Documento de Acordo/compromiso*

### **5. EVALUACIÓN DEL PLAN DE MEDIACIÓN**

A coordinadora de benestar e convivencia do centro, será a responsable do cumprimento deste plan e de informar a comisión de convivencia. Ademais informará ao consello escolar.

Fomentará unha avaliación continua, centrada no proceso, e velando porque exista un clima positivo e óptimo entre os axentes que se involucran no programa.

Ademais, valorará o grado de satisfacción do alumnado a través dos documentos de avaliación que se cobren o finalizar cada proceso de mediación.  
**(documento de avaliación do proceso de mediación)**

**Bibliografía.**

- *Mediación en la práctica. Manual de implantación de un servicio de mediación escolar.* Javier Garcia Barreiro, Olivia Giménez Fenandez.
- *La mediación como estrategia de resolución de conflicto en el ámbito escolar.* Jorge de Prada de Prado.

**RECURSOS**

<https://asgamed.org/videoteca/>

**INDICE DE ANEXOS:****POR PARTE DOS MEDIADORES:**

ANEXO I: Compromiso das persoas mediadoras: este documento terán que asinalo as persoas mediadoras ao inicio da posta en marcha do programa.

ANEXO II: Rexistro da mediación: ao remate de cada mediación, a parella mediadora terá que cubrir unha ficha que rexistre os datos básicos da súa realización (persoas, acordos, data..)

ANEXO III: Documento de avaliación do proceso de mediación ao rematar cada mediación, valorando dende a súa perspectiva se foi positiva.

**POR PARTE DOS PARTICIPANTES DO PROCESO DE MEDIACIÓN:**

ANEXO IV: Documento de participación no procedemento mediador

ANEXO V: Documento de presentación dos feitos: Onde se plasma escribindo ou debuxando o acontecido. ( na frase de clarificar o problema de mediación)

ANEXO VI: Documento de Acordo/compromiso: as persoas en conflito terán que asinar este acordo que comprometa a súa intención para mellorar a relación coa outra parte e tentar que non se volva a dar ese conflito. ( Na fase de acordos)

ANEXO VII: Documento de avaliación do proceso de mediación ao rematar cada mediación valorando se reunión foi positiva e mellorou a situación.

**ANEXO I: Compromiso das persoas mediadoras:** este documento será asinado polas persoas mediadoras ao inicio da posta en marcha do programa.

**Eu, .....como mediador /a no CEIP Joaquín Rodríguez Otero comprométeme a:**

- *Acudir ás reunións de mediación.*
- *Asistir ao curso de formación como mediador/a.*
- *Ser un referente para o resto do alumnado, na boa conduta dentro do centro.*
- *Colaborarei e implicareime nos procedementos de mediación que medie.*
- *Non revelarei información confidencial que presencie nos procedementos de mediación.*

**Asdo:**

**O/A Director/a do centro:**

**O/A Coordinador/a do proceso de mediación:**

**O/A alumno/a mediador/a:**

**En Buño a..... de.....de.....**

**ANEXO II: Rexistro da mediación ao remate de cada mediación por parte da parella mediadora.**

**Caso N°:**

**Mediadores:**

**Partes do conflito:**

**Resumo do conflito:**

ELEMENTOS	PARTE "A"	PARTE "B"
Relación e sentimentos		
Duración do conflito.		
Que necesitan para solucionar o conflito?		
En que se comprometen para solucionar o conflito?		
Que propón para resolver o conflito?		
Acordos		

**Firma dos mediadores:**

**En Buño a..... de.....de.....**

**ANEXO III: Documento de avaliación do proceso de mediación** ao rematar cada mediación, valorando dende a súa perspectiva se foi positiva

**CASO N°:**

**ALUMNADO MEDIADOR:**

**ALUMNADO MEDIADO:**

- *Cumpriches o teu compromiso?*

*Si*

*Non, por que?*

**Valoración do proceso de mediación:**

- *Intervención: rápida adecuada lenta*
- *Consideras que a mediación foi satisfactoria? Moito Bastante Pouco*
- *Como te sentiches ó longo do proceso de mediación?*
- *Resultouvos difícil chegar a un acordo con solucións satisfactorias para ambas partes? Moito Bastante Pouco*
- *Consideras que coa solución proposta pode mellorar a relación no futuro?  
Moito Bastante Pouco*

**Observacións:**

**Firma dos mediadores/as:**

**En Buño a..... de.....de.....**

**Anexo IV. Documento de participación no procedemento mediador.**

**CASO Nº:**

**MEDIADOS/AS:**

Nome: \_\_\_\_\_

Nome: \_\_\_\_\_

**MEDIADORES:**

Nome: \_\_\_\_\_

Nome: \_\_\_\_\_

**Solicita:**

Titor/titora Alumno/a Orientación Outros/as

**Firma dos participantes:**

Mediador/a 1:

Mediador/a 2:

Mediado/a 1:

Mediado/a 2:

**En Buño a..... de.....de.....**

**ANEXO V: Documento de presentación dos feitos.**

**ALUMNO/A:**

- **Que foi o que pasou?** Conta detalladamente o acontecido(onde se debuxando o acontecido).
  
- **Onde e cando tivo lugar o conflito?**
  
- **Que tipo de relación hai entre as partes?**
  
  
- **Pode haber implicadas terceiras persoas?**
  
  
- **O problema ven de antes ou xurdiu agora?**

**En Buño a..... de.....de.....**



**ANEXO VI: Documento de Acordo/compromiso.**

As persoas en conflito terán que asinar este acordo que comprometa a súa intención para mellorar a relación coa outra parte e tentar que non se volva a dar ese conflito. ( Na fase de acordos)

**O presente documento constitúe un acordo entre**  
-----**e**-----  
-----**para a resolución dun problema**  
**ou situación**  
**atendido en mediación.**

**E tendo en conta a confidencialidade acordada entre nós, establecemos que:**

**PARTE 1 COMPROMETESE A :**

**PARTE 2 COMPROMETESE A:**

A presente firma comprometenos ó cumprimento e desenvolvemento do anteriormente exposto.

**En Buño a..... de.....de.....**

**ANEXO VII: Documento de avaliación do proceso de mediación** ao rematar cada mediación valorando se reunión foi positiva e mellorou a situación.

**CASO Nº:** \_\_\_\_\_

**Mediado/a:** \_\_\_\_\_

- *Cumpristes os vosos compromisos?*  
 *Si*  
 *Non, por que?*
- *Cal é a vosa relación agora?*
  
- *Consideras que a mediación foi satisfactoria?*  *Moito*  *Bastante*  *Pouco*
- *Os/as mediadores/as axudáronche ou guiáronte para que ti puideses resolver o teu problema?*  *Moito*  *Bastante*  *Pouco*
- *Como te sentiches ó longo do proceso de mediación?*
- *Resultouvos difícil chegar a un acordo con solucións satisfactorias para ambas partes?*  *Moito*  *Bastante*  *Pouco*
- *O acordo ó que se chegou, deu solución ó problema concreto que vos enfrontou?*  *Moito*  *Bastante*  *Pouco*
- *Cres que no caso de volver ter algún problema poderías resolvelo por ti mesmo/a co aprendido na mediación?*  *Si*  *Non*
- *Tes algunha suxestión ou observación que facer para mellorar as mediacións?*

*Firma mediado/a:*

**En Buño a..... de.....de.....**